Empadróate

RIBADAVIA
Concello

RIBADAVIA
Concello

Campaña de empadroamento

NORMATIVA

Estatal:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das Entidades Locais
- Resolución do 30 de xaneiro de 2015, do presidente do INE e do director xeral de coordinación de competencias coas comunidades autónomas e as entidades locais.

Autonómica:

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Aministración Local de Galicia

INFORMACIÓN ADICIONAL

Información sobre a protección de datos
A solicitude debe realizala a/s persoa/s física/s ou xurídica/s que teñan a tutela ou o acollemento do menor de idade a empadroar.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- Documento acreditativo de identidade
- Documento acreditativo de identidade en vigor: libro de familia, DNI ou certificado de nacemento
- Documentación acreditativa da tutela
- Documentación acreditativa da tutela ou acollemento: copia da resolución xudicial
- Documentación acreditativa do acollemento familiar.
- Documentación acreditativa do acollemento familiar: resolución administrativa
- Documentación de representación
- Acreditación da representación
- Propiedade da vivenda, contrato de aluguer ou autorización do propietario para empadroarse na vivenda.

RIBADAVIA
Concello

Campaña de empadroamento

Que é o Padrón Municipal de Habitantes?
O Padrón municipal é o rexistro administrativo onde constan os veciños dun municipio. Os seus datos constitúen proba da residencia no municipio e do domicilio habitual neste. As certificacións que dos devanditos datos se expidan terán carácter de documento público e fidedigno para todos os efectos administrativos

Normativa legal
Como é sabido, o artigo 19 da Constitución Española garante a todos os españois o dereito á libre elección de residencia. A Lei obriga a toda paersoa que viva en España a inscribirse no Padrón do Municipio no que resida habitualmente e quen viva en varios municipios deberá inscribirse no que habite durante máis tempo ao ano.

Por que debo empadroarme en Ribadavia?
Además da imposición legal antes indicada, a correcta inscrición no Padrón Municipal de Habitantes é un requisito imprescindible para a realización dun grande número de trámites administrativos, así como para acceder a multitude de servizos municipais e axudas de carácter benéfico ou social tales como:

- Obtención de documentos como o DNI, pasaporte ou carné de conducir.
- Xestións relacionadas coa contratación de servizos de subministración tales como a luz, o teléfono ou o gas.
- Acreditación de comicilio para a matriculación en coléxios, excolas ou universidade e gardería municipal.
- Inclusión no censo electoral.
- Solicitude de determinadas prestacións de carácter social, como por exemplo:
    - Acceso a vivendas e V.P.O. de promoción pública
    - Salarios sociais e subsicios
    - Axudas económicas ás familias con poucos recursos.

RIBADAVIA
Concello

Campaña de empadroamento

Vantaxes de estar empadroado en Ribadavia

- Asegura a asistencia sanitaria
- Pode ser unha boa proba se hai que demostrar o tempo que se leva aquí.
- Permite o acceso aos Servizos Sociais do Concello.
- Permite participar nos programas que caad municipio desenvolve para mellorar as condicións de vida dos seus veciños e veciñas en áreas de tanta importancia como a vivenda, a educación, o empreco, a saúde, a cultura, o deporte ou o ocio.
- Permite beneficiarse das actuacións que os servizos sociais de cada municipio levan a cabo para informar, orientar e atender as necesidades específicas das persoas máis desfavorecidas, facilitando a súa integración social
- Ademáis, o número de veciños é fundamental cando o Concello solicita á Administración Central e Autonómica maiores servizos en áreas como educación, sanidade ou transportes. É dicir, o Concello poderá ofrecer mellor calidade de via aos seus veciños cantos máis sexa, e poderá ter maior relevancia na repartición dos tributos estatais.
- Sendo veciño de ribadavia, vostede e a súa familia pódese beneficiar de descontos (Conservatorio e Escola de Música, Servizo de Deportes, Servizos Sociais...) e subvencións nas actividades organizadas polas diferentes concellarías.

Que necesito para empadroarme?

O departamento de Estatística do Concelllo de Ribadavia, procederá á tramitación do empadroamento. O cidadán non ten que preocuparse de darse de baixa no municipio de procedencia. Simplemente te nque comparecer na oficina e Estadística do Concello de Ribadavia, sita na Praza Maior nº 4, teléfono 988 47 71 00 coa seguinte documentación:

- Fotocopia do documento de identidade das persoas inscritas (DNI, tarxeta de estranxeiro, pasaporte, folla do libro de familia para os menores que non teñan outro documento de identidade.
- Encher o "Formulario Xeral de inscrición no padrón Orixinal"

Empadróate, gañamos todos